

**XUNTA DE GOBERNO**  
**Sesión do día 29 de setembro de 2023**  
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día vinte nove de setembro do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Marta Fernández-Tapias Núñez, Rafael Domínguez Artime, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, José Carlos López Campos, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste o deputado *Roberto José Álvarez Carrero*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez e María Isabel Conselo Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32997.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 22 de setembro 2023.

2.32998.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MONDARIZ PARA O INVESTIMENTO INCLUÍDO NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS, DENOMINADO “REPARACIÓN DE SENDAS FLUVIAIS, MUROS DE CONTENCIÓN, SOPORTE DE ESTRADAS MUNICIPAIS, REPARACIÓN DE SERVIZOS BÁSICOS, REPARACIÓN DE POZO DE SANEAMENTO EN O COUTO E EN CABADA NOVA” (Expte. 2023034983)

- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 3 de marzo de 2023, adoptou o acordo número 13.32349 polo que se aprobaban as bases reguladoras e a convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, entre o 24 de decembro de 2022 e o 1 de xaneiro de 2023, publicadas no BOPPO núm. 46 de 7 de marzo de 2023.



- Este Plan para reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos de Pontevedra está dotado de dous millóns setecentos vinte e mil dezaseis (2.720.016,00) euros, imputable ás aplicacións orzamentarias 2023/942.9428.462.97, para gastos correntes, e 2023/942.9428.762.97, para gastos de investimentos reais.
- Os beneficiarios destas axudas son os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito inferior a 20.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo, nos que se recollen máis de 50 litros por metro cadrado de precipitación durante a xornada do 1 de xaneiro de 2023 (datos obtidos de Meteogalicia, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia).
- Mediante a Resolución Presidencial (RP) núm. 2023004393 de data 02/06/2023, rectificadas nas datas 03/08/2023 e 05/09/2023 polas RP núm. 2023006140 e 2023006725, respectivamente, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello de acordo coa Base reguladora 6ª das axudas económicas para realizar reparacións de danos causados polas inundacións. Correspondéndolle ao Concello de MONDARIZ unha cantidade subvencionable de 87.180,00 euros.
- O Plan de reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos de Pontevedra pretende facer fronte, precisamente, ás necesidades que experimentan os concellos, que tendo en conta o extraordinario da situación e da insuficiencia orzamentaria faise necesario artellar mecanismos de colaboración e cooperación entre administracións co obxectivo de contribuír á restauración comunitaria, urbanística e medioambiental da zona damnificada e que con iso se recupere a normalidade na prestación dos servizos á cidadanía e se axude a manter a actividade económica das zonas danadas.
- En data 08/05/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023030780), ao abeiro do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións, petición do Concello de MONDARIZ, emendada na data 04/07/2023, 05/07/2023, 18/07/2023, 12/09/2023 e 19/09/2023 (núm. rexistro WEB2023014690, WEB202314775, WEB2023014831, WEB2023015587, WEB2023052853, WEB2023053982 e WEB2023054028 respectivamente) e, na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 87.173,51 euros, con destino ao financiamento do investimento denominado “REPARACIÓN DE SENDAS FLUVIAIS, MUROS DE CONTENCIÓN SOPORTE DE ESTRADAS MUNICIPAIS, REPARACIÓN DE SERVIZOS BÁSICOS, REPARACIÓN DE POZO SE SANEAMENTO EN O COUTO E EN CABADA NOVA”, cun orzamento polo mesmo importe.
- Así mesmo, na solicitude presentan as facturas das actuacións:
  - o 1.- Reparación de pozo de saneamento en O Couto
  - o 2.- Reparación de muro en Cavada Nova



Estas actuacións xa foron realizadas por motivos de emerxencia, debido ás choivas, como así se indica na Memoria xustificativa e descritiva presentada polo concello. O custe das actuacións realizadas acada a cantidade de 15.141,94 euros.

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións, se ben se constata que se fai preciso a autorización sectorial da “Confederación Hidrográfica del Miño-Sil” nas seguintes actuacións:
  - o Reparación das sendas fluviais
  - o Muros de contención soporte de estradas municipais:
    - Reparación de estrada de Monteverde a San Xoán
    - Reparación de estrada en Crespos.
  - o Reparación de servizos básicos

E que malia terse pedido en tempo, a súa efectiva obtención fai que se condicione a elo a concesión da subvención. Asemade o concello posterga a remisión da acta de trazada previo á obtención das autorizacións nas seguintes actuacións:

- o Reparación das sendas fluviais
- o Muros de contención soporte de estradas municipais.
- o Reparación de servizos básicos
- As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 13/09/2023.
- Así mesmo, as actuacións contan co informe favorable da xefa do Servizo de Cooperación de data 20/09/2023 e da Intervención Provincial de data 20/09/2023

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación (OXS).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións.



## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, relativa ao procedemento de concesión, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que o órgano instrutor solicitará o informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesarios, e que se fará un informe proposta para a aprobación da concesión da axuda.

## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS, que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 10.9 da OXS, que sinala que se achegará a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos tras a concesión no prazo que fixen as bases reguladoras, ou na súa falta, no de quince días seguintes á notificación ou, no seu caso, publicación da resolución.
- Artigos 17 e ss. da OXS, que regulan o procedemento de concesión.

## RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 34 e 35 da LBRL e nos artigos 61 e 63 do ROFRXEL correspóndelle á Xunta de Goberno ser o órgano competente para a concesión desta subvención.



## CONCLUSIÓNS

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do ROFRXEL e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do Servizo de Cooperación, de data 13/09/2023, e da xefa do Servizo de Cooperación de data 20/09/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 20/09/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Mondariz*, CIF P3603000E, unha subvención por importe de 87.173,51 € con destino ao financiamento do investimento denominado “*Reparación de sendas fluviais, muros de contención soporte de estradas municipais, reparación de servizos básicos, reparación de pozo se saneamento en O Couto e en Cabada Nova*”, cun orzamento polo mesmo importe, condicionada á obtención da autorización sectorial da “Confederación Hidrográfica do Miño-Sil”, nas seguintes actuacións:
  - o Reparación das sendas fluviais.
  - o Muros de contención soporte de estradas municipais:
    - Reparación de estrada de Monteverde a San Xoán.
    - Reparación de estrada en Crespos.
  - o Reparación de servizos básicos.

Asemade o concello posterga a remisión da acta de trazada previo á obtención das autorizacións nas seguintes actuacións, que deberá achegarse xunto coa presentación da xustificación da subvención:

- o Reparación das sendas fluviais.
- o Muros de contención soporte de estradas municipais.

A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de inundacións e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto contra a aplicación 2023/942.9428.762.97 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto.
- Dar do presente acordo ao *Concello de Mondariz*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



3.32999.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DAS NEVES PARA O INVESTIMENTO INCLUÍDO NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS, DENOMINADO “REPARACIÓN DA ESTRADA PONTE UMA (PISTA), REPARACIÓN DE CAMIÑO DE STA. EULALIA E REPARACIÓN DO CAMIÑO COUTADA (PISTA) COSTOURA” (Expte. 2023033161)

- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 3 de marzo de 2023, adoptou o acordo número 13.32349 polo que se aprobaban as bases reguladoras e a convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, entre o 24 de decembro de 2022 e o 1 de xaneiro de 2023, publicadas no BOPPO núm. 46 de 7 de marzo de 2023.
- Este Plan para reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos de Pontevedra está dotado de dous millóns setecentos vinte e mil dezaseis (2.720.016,00) euros, imputable ás aplicacións orzamentarias 2023/942.9428.462.97, para gastos correntes, e 2023/942.9428.762.97, para gastos de investimentos reais.
- Os beneficiarios destas axudas son os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito inferior a 20.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo, nos que se recollen máis de 50 litros por metro cadrado de precipitación durante a xornada do 1 de xaneiro de 2023 (datos obtidos de Meteogalicia, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia).
- Mediante a Resolución Presidencial (RP) núm. 2023004393 de data 02/06/2023, rectificadas nas datas 03/08/2023 e 05/09/2023 polas RP núm. 2023006140 e 2023006725, respectivamente, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello de acordo coa Base reguladora 6ª das axudas económicas para realizar reparacións de danos causados polas inundacións. Correspondéndolle ao Concello das Neves unha cantidade subvencionable de 122.052,00 euros
- O Plan de reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos de Pontevedra pretende facer fronte, precisamente, ás necesidades que experimentan os concellos, que tendo en conta o extraordinario da situación e da insuficiencia orzamentaria faise necesario artellar mecanismos de colaboración e cooperación entre administracións co obxectivo de contribuír á restauración comunitaria, urbanística e medioambiental da zona damnificada e que con iso se recupere a normalidade na prestación dos servizos á cidadanía e se axude a manter a actividade económica das zonas danadas.





- En data 03/05/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023029575), ao abeiro do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións, petición do Concello das Neves, emendada na data 09/06/2023 (núm. rexistro WEB2023037275), na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 122.052,00 euros, con destino ao financiamento do investimento denominado “REPARACIÓN DA ESTRADA PONTE UMA (PISTA), REPARACIÓN DE CAMIÑO DE STA. EULALIA E REPARACIÓN DO CAMIÑO COUTADA (PISTA) COSTOURA”, cun orzamento de 123.221,31 euros e unha achega municipal de 1.169,31 euros.
- En data 02/06/2023, mediante a resolución presidencial (RP) núm. 2023004393, apróbase o citado reparto das cantidades en función dos datos proporcionados. Toda vez que as precipitacións rexistradas no Concello das Neves son 105,77 l/m<sup>2</sup>, ao Concello correspóndelle unha cantidade máxima de 122.052,00€.
- Mediante a RP núm. 2023006140, de data 03/08/2023, rectifícase a citada RP núm. 2023004393, incluíndo entre os potenciais beneficiarios do reparto de subvencións ao Concello de Cerdedo-Cotobade, que non constaba inicialmente por un erro de transcripción dos datos.
- Con posterioridade, Meteogalicia emite un novo informe meteorolóxico o 07/08/2023 sobre as precipitacións rexistradas na provincia o día 01/01/2023 no que se rectifican algúns dos datos pluviométricos remitidos no mes de febreiro de 2023 e, entre eles, os datos relativos ao Concello das Neves.
- Á vista deste novo informe, mediante a RP núm. 2023006725, de 05/09/2023, rectifícase a RP núm. 2023004393, de 02/06/2023, constando a aceptación da notificación desta RP polo Concello o mesmo día 05/09/2023.
- Toda vez que as precipitacións rexistradas no Concello das Neves diminúen ata os 97 l/m<sup>2</sup>, correspóndelle ao Concello unha cantidade máxima de 104.616,00€. Xa que debe minorarse o importe da subvención concedida, o Concello debería reformular e adaptar os importes da solicitude inicial.
- En data 13/09/2023 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2023053165), emendado na data 14/09/2023 ( con número de rexistro WEB2023053297), un escrito de alegación á citada resolución presidencial e achega un novo informe de Meteogalicia de data 08/09/2023 no que se indica que o novo valor de precipitacións no termo municipal das Neves é de 102 l/m<sup>2</sup>. A vista do Informe ó concello das Neves corresponderíalle a cantidade de 122.052,00 euros.
- Posteriormente mediante Resolución Presidencial núm. 2023007140, de data 20/09/2023 se autoriza rectificar a resolución presidencial núm. 2023006725 de data 05/09/2023, a vista da alegación achegada polo concello das Neves , modificando na táboa de reparto das cantidades máximas que lle corresponde a cada concello ao abeiro do Plan de axudas por inundacións, os seguintes datos relativos ao concello das Neves:



En vez de:

CONCELLO	POBOACIÓN	PLUVIOMETRÍA (l/m <sup>2</sup> ) 01/01/2023	IMPORTE MÁXIMO SUBVENCIÓN
AS NEVES	3.746	97	104.616,00 €

- Debe ser:

CONCELLO	POBOACIÓN	PLUVIOMETRÍA (l/m <sup>2</sup> ) 01/01/2023	IMPORTE MÁXIMO SUBVENCIÓN
AS NEVES	3.746	102	122.052,00 €

O *Concello das Neves* pode manter a súa solicitude inicial, co fin de que, ao volver a aumentar a subvención concedida ata os 122.052,00€, como se pediu inicialmente, se lle conceda unha subvención de 122.052,00 euros e unha achega municipal de 1.169,31 euros.

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións, se ben se constata que se fai precisa a autorización sectorial da “Confederación Hidrográfica Miño-Sil”, que malia terse pedido en tempo, a súa efectiva obtención fai que se condicione a elo a concesión da subvención.
- As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 16/06/2023.
- Así mesmo, as actuacións contan co informe favorable da xefa do Servizo de Cooperación de data 21/09/2023 e da Intervención Provincial de data 21/09/2023

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación (OXS).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións.





## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, relativa ao procedemento de concesión, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que o órgano instrutor solicitará o informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesarios, e que se fará un informe proposta para a aprobación da concesión da axuda.

## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS, que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 10.9 da OXS, que sinala que se achegará a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos tras a concesión no prazo que fixen as bases reguladoras, ou na súa falta, no de quince días seguintes á notificación ou, no seu caso, publicación da resolución.
- Artigos 17 e ss. da OXS, que regulan o procedemento de concesión.

## RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 34 e 35 da LBRL e nos artigos 61 e 63 do ROFRXEL correspóndelle á Xunta de Goberno ser o órgano competente para a concesión desta subvención.



## CONCLUSIÓNS

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do ROFRXEL e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do Servizo de Cooperación, de data 16/06/2023, e da xefa do Servizo de Cooperación de data 21/09/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 21/09/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de As Neves*, CIF P3603400G, unha subvención por importe de 122.052,00 € con destino ao financiamento do investimento denominado “*Reparación da estrada Ponte Uma (Pista), reparación de Camiño de Sta. Eulalia e reparación do camiño Coutada (Pista) Costoura*”, cun orzamento de 123.221,31 € e unha achega municipal de 1.169,31 €, condicionada á obtención da autorización sectorial da “*Confederación Hidrográfica do Miño-Sil*”, que deberá achegarse xunto coa presentación da xustificación da subvención.

A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de inundacións e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto contra a aplicación 2023/942.9428.762.97 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de As Neves*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

4.33000.- APROBACIÓN DOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DE: AS NEVES, PONTE CALDELAS, CRECENTE, A LAMA, CAMPO LAMEIRO, NIGRÁN, MONDARIZ BALNEARIO, CALDAS DE REIS, MORAÑA, MEAÑO, CERDEDO-COTOBADÉ, PAZOS DE BORBÉN, SALVATERRA DE MIÑO, CAMBADOS, FORNELOS DE MONTES, MONDARIZ, COVELO, BARRO E TUI PARA DESENVOLVER AS ACTUACIÓNS DESTINADAS Á TRANSFORMACIÓN DIXITAL E MODERNIZACIÓN DAS ADMINISTRACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS INCLUIDAS NAS LIÑAS ESTRATÉXICAS DA ORDE TER/836/2022 COMPOÑENTE 11, INVESTIMENTO 3, ENMARCADO NO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. (Expte.2023059145)

No marco do Programa NextGeneration EU e do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o Ministerio de Política Territorial, no mes de xuño de 2023, resolvía a convocatoria de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, resultando a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, en calidade de executora e destinatarios respectivamente, como beneficiarios de axudas por un importe total de 2.521.745,25 €.



A Deputación de Pontevedra estruturou as devanditas axudas nos cinco proxectos de actuación, que teñen por obxectivo a transformación dixital e modernización das entidades locais, que se recollen a continuación.

- Plataforma de comunicación e xestión de incidencias nos concellos.
- Sistema automático intelixente de xestión de órganos colexiados nos concellos.
- Cadro de mando de indicadores de Axenda Urbana e Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).
- Provisión de equipamento e infraestruturas para a modernización e eficiencia nos procesos de traballo nos concellos.
- Desenvolvemento de integración con Carpeta Ciudadana do Estado.

Co obxectivo de definir as condicións nas que a Deputación de Pontevedra facilitará o acceso aos concellos aos devanditos proxectos, a Xunta de Goberno do pasado 8 de setembro aprobou o “*Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 20.000 habitantes, para desenvolver as actuacións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais incluídas nas liñas estratéxicas da Orde TER/836/2022 compoñente 11, investimento 3, enmarcado no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia*”.

Segundo o previsto na cláusula segunda do convenio os concellos interesados, cunha poboación inferior a 20.000 habitantes, poderán acceder aos proxectos do catálogo mediante a aprobación do convenio de colaboración, así como a remisión da carta de adhesión, segundo o modelo previsto no anexo II do convenio.

Que os concellos que formalizaron a súa adhesión ata o 26 de setembro de 2023 son: As Neves, Ponte Caldelas, Crecente, A Lama, Campo Lameiro, Nigrán, Mondariz-Balneario, Caldas de Reis, Moraña, Meaño, Cerdedo-Cotobade, Pazos de Borbén, Salvaterra de Miño, Cambados, Fornelos de Montes, Mondariz, Covelo, Barro e Tui.

Que a aprobación dos convenios conta co financiamento do Ministerio de Política Territorial por un importe total de 2.521.745,25 € para todo o período de vixencia do convenio. Para afrontar o custo do investimento existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 23/926.4910.652.99 INVERSIONES PARA CONCELLOS.

Vistas as dilixencias de conformidade da Intervención Xeral de data 26 de setembro de 2023.

Por todo o exposto, e sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para aprobar os Convenios de colaboración para desenvolver as actuacións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais incluídas nas liñas estratéxicas da Orde TER/836/2022 compoñente 11, investimento 3, enmarcado no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia entre a Deputación de Pontevedra e os concellos de: *As Neves, Ponte Caldelas, Crecente, A Lama, Campo Lameiro, Nigrán, Mondariz-Balneario, Caldas de Reis, Moraña, Meaño, Cerdedo-Cotobade, Pazos de Borbén, Salvaterra de Miño, Cambados, Fornelos de Montes, Mondariz, Covelo, Barro e Tui*.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Único.- Aprobar os Convenios de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos de: As Neves, Ponte Caldelas, Crecente, A Lama, Campo Lameiro, Nigrán, Mondariz-Balneario, Caldas de Reis, Moraña, Meaño, Cerdedo-Cotobade, Pazos de Borbén, Salvaterra de Miño, Cambados, Fornelos de Montes, Mondariz, Covelo, Barro e Tui, para desenvolver as actuacións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais incluídas nas liñas estratéxicas da Orde TER/836/2022 compoñente 11, investimento 3, enmarcado no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, co alcance que se recolle como Anexo I.

Dito anexo é como segue:

**ANEXO I  
PROXECTOS SOLICITADOS**

Concello	Data de formalización da adhesión	Proxectos que solicita	Número de equipos informáticos solicitados (liña 4)
As Neves	19/09/2023	Liña 1: Administración orientada á cidadanía: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Plataforma de comunicación e xestión de incidencias</li> <li>✓ Portal de transparencia</li> </ul> Liña 2: Operacións intelixentes: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Sistema automático intelixente de xestión de órganos colexiados nos concellos</li> </ul> Liña 3: Goberno do dato: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Cadro de mando de indicadores de Axenda Urbana e ODS</li> </ul> Liña 4: Infraestruturas dixitais <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Provisión de equipamento e infraestruturas para a modernización e eficiencia nos procesos de traballo nos concellos:</li> </ul> Liña 5: Interoperabilidade de servizos básicos de administración dixital <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Desenvolvemento de integración con Carpeta Cidadá</li> </ul>	12 postos (Tipo Estándar) 2 postos (Tipo Avanzado)
Ponte Caldelas	19/09/2023	Liña 2: Operacións intelixentes: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Sistema automático intelixente de xestión de órganos colexiados nos concellos</li> </ul> Liña 4: Infraestruturas dixitais <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Provisión de equipamento e infraestruturas para a modernización e eficiencia nos procesos de traballo nos concellos</li> </ul> Liña 5: Interoperabilidade de servizos básicos de administración dixital <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Desenvolvemento de integración con Carpeta Cidadá</li> </ul>	12 postos (Tipo Estándar) 2 postos (Tipo Avanzado)



Concello	Data de formalización da adhesión	Proxectos que solicita	Número de equipos informáticos solicitados (liña 4)
Crecente	19/09/2023	Liña 1: Administración orientada á cidadanía: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Portal de transparencia</li> </ul> Liña 4: Infraestruturas dixitais <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Provisión de equipamento e infraestruturas para a modernización e eficiencia nos procesos de traballo nos concellos</li> </ul> Liña 5: Interoperabilidade de servizos básicos de administración dixital <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Desenvolvemento de integración con Carpeta Cidadá</li> </ul>	9 postos (Tipo Estándar) 2 postos (Tipo Avanzado)
A Lama	20/09/2023	Liña 1: Administración orientada á cidadanía: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Plataforma de comunicación e xestión de incidencias</li> <li>✓ Portal de transparencia</li> </ul> Liña 2: Operacións intelixentes: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Sistema automático intelixente de xestión de órganos colexiados nos concellos</li> </ul> Liña 3: Goberno do dato: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Cadro de mando de indicadores de Axenda Urbana e ODS</li> </ul> Liña 4: Infraestruturas dixitais <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Provisión de equipamento e infraestruturas para a modernización e eficiencia nos procesos de traballo nos concellos</li> </ul> Liña 5: Interoperabilidade de servizos básicos de administración dixital <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Desenvolvemento de integración con Carpeta Cidadá</li> </ul>	6 postos (Tipo Estándar) 2 postos (Tipo Avanzado)
Campo Lameiro	20/09/2023	Liña 1: Administración orientada á cidadanía: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Plataforma de comunicación e xestión de incidencias</li> <li>✓ Portal de transparencia</li> </ul> Liña 4: Infraestruturas dixitais <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Provisión de equipamento e infraestruturas para a modernización e eficiencia nos procesos de traballo nos concellos:</li> </ul> Liña 5: Interoperabilidade de servizos básicos de administración dixital <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Desenvolvemento de integración con Carpeta Cidadá</li> </ul>	8 postos (Tipo Estándar) 2 postos (Tipo Avanzado)



Concello	Data de formalización da adhesión	Proxectos que solicita	Número de equipos informáticos solicitados (liña 4)
Nigrán	21/09/2023	Liña 2: Operacións intelixentes: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Sistema automático intelixente de xestión de órganos colexiados nos concellos</li> </ul> Liña 3: Goberno do dato: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Cadro de mando de indicadores de Axenda Urbana e ODS</li> </ul> Liña 4: Infraestruturas dixitais <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Provisión de equipamento e infraestruturas para a modernización e eficiencia nos procesos de traballo nos concellos:</li> </ul> Liña 5: Interoperabilidade de servizos básicos de administración dixital <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Desenvolvemento de integración con Carpeta Cidadá</li> </ul>	12 postos (Tipo Estándar) 2 postos (Tipo Avanzado)
Mondariz-Balneario	21/09/2023	Liña 1: Administración orientada á cidadanía: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Portal de transparencia</li> </ul> Liña 2: Operacións intelixentes: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Sistema automático intelixente de xestión de órganos colexiados nos concellos</li> </ul> Liña 3: Goberno do dato: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Cadro de mando de indicadores de Axenda Urbana e ODS</li> </ul> Liña 4: Infraestruturas dixitais <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Provisión de equipamento e infraestruturas para a modernización e eficiencia nos procesos de traballo nos concellos:</li> </ul> Liña 5: Interoperabilidade de servizos básicos de administración dixital <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Desenvolvemento de integración con Carpeta Cidadá</li> </ul>	10 postos (Tipo Estándar) 1 posto (Tipo Avanzado)
Caldas de Reis	21/09/2023	Liña 2: Operacións intelixentes: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Sistema automático intelixente de xestión de órganos colexiados nos concellos</li> </ul> Liña 4: Infraestruturas dixitais <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Provisión de equipamento e infraestruturas para a modernización e eficiencia nos procesos de traballo nos concellos:</li> </ul> Liña 5: Interoperabilidade de servizos básicos de administración dixital <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Desenvolvemento de integración con Carpeta Cidadá</li> </ul>	12 postos (Tipo Estándar) 2 postos (Tipo Avanzado)





Concello	Data de formalización da adhesión	Proxectos que solicita	Número de equipos informáticos solicitados (liña 4)
Moraña	22/09/2023	Liña 1: Administración orientada á cidadanía: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Plataforma de comunicación e xestión de incidencias</li> </ul> Liña 3: Goberno do dato: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Cadro de mando de indicadores de Axenda Urbana e ODS</li> </ul> Liña 4: Infraestruturas dixitais <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Provisión de equipamento e infraestruturas para a modernización e eficiencia nos procesos de traballo nos concellos:</li> </ul> Liña 5: Interoperabilidade de servizos básicos de administración dixital <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Desenvolvemento de integración con Carpeta Cidadá</li> </ul>	12 postos (Tipo Estándar) 1 posto (Tipo Avanzado)
Meaño	22/09/2023	Liña 1: Administración orientada á cidadanía: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Plataforma de comunicación e xestión de incidencias</li> </ul> Liña 4: Infraestruturas dixitais <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Provisión de equipamento e infraestruturas para a modernización e eficiencia nos procesos de traballo nos concellos:</li> </ul> Liña 5: Interoperabilidade de servizos básicos de administración dixital <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Desenvolvemento de integración con Carpeta Cidadá</li> </ul>	12 postos (Tipo Estándar) 2 postos (Tipo Avanzado)
Cerdedo-Cotobade	22/09/2023	Liña 1: Administración orientada á cidadanía: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Plataforma de comunicación e xestión de incidencias</li> <li>✓ Portal de transparencia</li> </ul> Liña 2: Operacións intelixentes: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Sistema automático intelixente de xestión de órganos colexiados nos concellos</li> </ul> Liña 4: Infraestruturas dixitais <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Provisión de equipamento e infraestruturas para a modernización e eficiencia nos procesos de traballo nos concellos:</li> </ul> Liña 5: Interoperabilidade de servizos básicos de administración dixital <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Desenvolvemento de integración con Carpeta Cidadá</li> </ul>	12 postos (Tipo Estándar) 2 postos (Tipo Avanzado)



Concello	Data de formalización da adhesión	Proxectos que solicita	Número de equipos informáticos solicitados (liña 4)
Pazos de Borbén	22/09/2023	Liña 1: Administración orientada á cidadanía: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Plataforma de comunicación e xestión de incidencias</li> <li>✓ Portal de transparencia</li> </ul> Liña 2: Operacións intelixentes: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Sistema automático intelixente de xestión de órganos colexiados nos concellos</li> </ul> Liña 3: Goberno do dato: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Cadro de mando de indicadores de Axenda Urbana e ODS</li> </ul> Liña 4: Infraestruturas dixitais <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Provisión de equipamento e infraestruturas para a modernización e eficiencia nos procesos de traballo nos concellos:</li> </ul> Liña 5: Interoperabilidade de servizos básicos de administración dixital <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Desenvolvemento de integración con Carpeta Cidadá</li> </ul>	12 postos (Tipo Estándar) 2 postos (Tipo Avanzado)
Salvaterra de Miño	22/09/2023	Liña 2: Operacións intelixentes: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Sistema automático intelixente de xestión de órganos colexiados nos concellos</li> </ul> Liña 3: Goberno do dato: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Cadro de mando de indicadores de Axenda Urbana e ODS</li> </ul> Liña 4: Infraestruturas dixitais <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Provisión de equipamento e infraestruturas para a modernización e eficiencia nos procesos de traballo nos concellos:</li> </ul> Liña 5: Interoperabilidade de servizos básicos de administración dixital <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Desenvolvemento de integración con Carpeta Cidadá</li> </ul>	12 postos (Tipo Estándar) 2 postos (Tipo Avanzado)



Concello	Data de formalización da adhesión	Proxectos que solicita	Número de equipos informáticos solicitados (líña 4)
Cambados	25/09/2023	Liña 1: Administración orientada á cidadanía: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Plataforma de comunicación e xestión de incidencias</li> </ul> Liña 2: Operacións intelixentes: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Sistema automático intelixente de xestión de órganos colexiados nos concellos</li> </ul> Liña 4: Infraestruturas dixitais <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Provisión de equipamento e infraestruturas para a modernización e eficiencia nos procesos de traballo nos concellos:</li> </ul> Liña 5: Interoperabilidade de servizos básicos de administración dixital <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Desenvolvemento de integración con Carpeta Cidadá</li> </ul>	12 postos (Tipo Estándar) 2 postos (Tipo Avanzado)
Fornelos de Montes	25/09/2023	Liña 1: Administración orientada á cidadanía: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Plataforma de comunicación e xestión de incidencias</li> <li>✓ Portal de transparencia</li> </ul> Liña 2: Operacións intelixentes: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Sistema automático intelixente de xestión de órganos colexiados nos concellos</li> </ul> Liña 3: Goberno do dato: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Cadro de mando de indicadores de Axenda Urbana e ODS</li> </ul> Liña 4: Infraestruturas dixitais <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Provisión de equipamento e infraestruturas para a modernización e eficiencia nos procesos de traballo nos concellos:</li> </ul> Liña 5: Interoperabilidade de servizos básicos de administración dixital <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Desenvolvemento de integración con Carpeta Cidadá</li> </ul>	5 postos (Tipo Estándar) 1 posto (Tipo Avanzado)
Mondariz	25/09/2023	Liña 2: Operacións intelixentes: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Sistema automático intelixente de xestión de órganos colexiados nos concellos</li> </ul> Liña 4: Infraestruturas dixitais <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Provisión de equipamento e infraestruturas para a modernización e eficiencia nos procesos de traballo nos concellos:</li> </ul>	12 postos (Tipo Estándar) 1 posto (Tipo Avanzado)



Concello	Data de formalización da adhesión	Proxectos que solicita	Número de equipos informáticos solicitados (liña 4)
Covelo	26/09/2023	Liña 1: Administración orientada á cidadanía: ✓ Plataforma de comunicación e xestión de incidencias Liña 4: Infraestruturas dixitais ✓ Provisión de equipamento e infraestruturas para a modernización e eficiencia nos procesos de traballo nos concellos: Liña 5: Interoperabilidade de servizos básicos de administración dixital ✓ Desenvolvemento de integración con Carpeta Cidadá	7 postos (Tipo Estándar) 1 posto (Tipo Avanzado)
Barro	26/09/2023	Liña 2: Operacións intelixentes: ✓ Sistema automático intelixente de xestión de órganos colexiados nos concellos Liña 4: Infraestruturas dixitais ✓ Provisión de equipamento e infraestruturas para a modernización e eficiencia nos procesos de traballo nos concellos: Liña 5: Interoperabilidade de servizos básicos de administración dixital ✓ Desenvolvemento de integración con Carpeta Cidadá	6 postos (Tipo Estándar)
Tui	26/09/2023	Liña 2: Operacións intelixentes: ✓ Sistema automático intelixente de xestión de órganos colexiados nos concellos Liña 3: Goberno do dato: ✓ Cadro de mando de indicadores de Axenda Urbana e ODS Liña 4: Infraestruturas dixitais ✓ Provisión de equipamento e infraestruturas para a modernización e eficiencia nos procesos de traballo nos concellos: Liña 5: Interoperabilidade de servizos básicos de administración dixital ✓ Desenvolvemento de integración con Carpeta Cidadá	12 postos (Tipo Estándar) 2 postos (Tipo Avanzado)

5.33001.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DO “SERVIZO DE SEGUIMENTO DA COMPOSTAXE INDIVIDUAL E MANTEMENTO DA COMPOSTAXE COMUNITARIA NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2021027231)

Na sesión ordinaria do día 15 de outubro de 2021, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adjudicou os tres lotes do contrato de “servizo de seguimento da compostaxe individual e mantemento da compostaxe comunitaria nos concellos da provincia de Pontevedra” á empresa *SM Sistemas Medioambientales SL* (CIF:B61.461.810), polos prezos unitarios e as porcentaxes de baixa reflexadas no citado acordo.



O contrato formalizouse en documento administrativo para o lote 1 e 3 de data 12 de novembro de 2021 e para o lote 2 de data 15 de novembro de 2021, sendo o prazo de duración de dous anos contados desde o día 15 de novembro de 2021, con posibilidade de dúas prórrogas dunha (1) anualidade de duración cada unha.

Con data 30 de agosto de 2023 o xefe do servizo de Asistencia Intermunicipal, coa conformidade do deputado delegado, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de un ano, con efectos desde o 15 de novembro do 2023 ata o 14 de novembro do 2024.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 29 de agosto de 2023 (data de comparecencia: 29/08/2023), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Resultando que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 14 de setembro do 2023, a Intervención emitiu documentos de retención de crédito e documentos de retención de crédito futuros, con cargo á aplicación orzamentaria 923.1623.227.07 para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 19 de setembro do 2023 (CSV: 0VVXQXQYXYIUX9H5), que conclúe o seguinte:

*“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de primeira prórroga do contrato por un (1) ano, desde o 15 de novembro do 2023 ata o 14 de novembro do 2024. O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 15 de novembro do 2023.”*

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a).



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a prórroga do contrato do “*Servizo de seguimento da compostaxe individual e mantemento da compostaxe comunitaria nos concellos da provincia de Pontevedra*” para os tres lotes formalizados coa empresa SM Sistemas Medioambientales SL (CIF: B61461810), durante o período desde o 15 de novembro do 2023 ata o 14 de novembro do 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á/s seguinte/s aplicación/s orzamentaria/s:

Anualidade	Lote	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2023 (1,5 meses)	1	23/923.1623.227.07	32.687,85 €
	2		8.621,21 €
	3		18.105,72 €
2024 (10,5 meses)	1	24/923.1623.227.07	228.814,93 €
	2		60.348,48 €
	3		126.740,05 €

O importe do gasto correspondente a anualidade 2024 quedará condicionado a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

6.33002.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A PRESTACIÓN DO “SERVIZO DE VIXILANCIA DA SAÚDE CUN SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO PARA A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (EXPTE. 2023028070) (CONTRATACIÓN)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 28/07/2023 aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto do servizo de vixilancia da saúde cun servizo de prevención alleo para a Deputación de Pontevedra, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo 30 días naturais contados desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de publicacións da Unión Europea.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse a Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas (DOUE) con data 28 de xullo de 2023 (Anuncio 2023/S 147-468914) e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 2 de agosto de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 31 de agosto de 2023, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.





A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultan admitidas.

A Mesa de Contratación en reunión celebrada o día 7 de setembro de 2023 acordou aprobar a clasificación acadada polas ofertas presentadas polas empresas que concorren no procedemento aberto, que queda da seguinte forma:

Posición	Empresas	Puntuación total
1ª	Taprega Prevención de riesgos SL	86,70
2ª	Quiron Prevención SLU	65,56
3ª	Cualtis SL	58,30

Asimesmo en dita sesión a mesa de contratación acordou propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, que unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de vixilancia da saúde cun servizo de prevención alleo para a Deputación de Pontevedra a empresa Taprega Prevención de riesgos SL.

Mediante Resolución Presidencial número 2023006846 de 11/09/2023 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa Taprega Prevención de riesgos SL, que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa Taprega Prevención de riesgos SL presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB 2023054043 de data .19/09/2023), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 6.141,49 € (carta de pago núm. operación 202300193290 do 13/09/2023).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das



facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Adxudicar o contrato para a prestación do servizo de vixilancia da saúde cun servizo de prevención allo para a Deputación de Pontevedra” á empresa Taprega Prevención de Riesgos SL (CIF: 36.926.640) polos prezos e condicións ofertadas, e conforme ao seguinte:

1.- *Prezo ofertado por cada recoñecemento médico (exento IVE):*

*Importe ofertado: 43,00 € (exento de IVE).*

2.- *Prezo mensual ofertado en asesoramento en medicina do traballo e formación:*

*Importe ofertado mensual (sen IVE): .....255,33 €/mes*

*IVE (21%):.....53,61 €/mes*

*Importe ofertado mensual (IVE engadido): .....308,94 €/mes*

3.- *Prazo de redución ofertado para a realización dos recoñecementos médicos desde a petición por parte da Deputación sobre o prazo máximo de 15 días hábiles: 10 días hábiles.*

4.- *Unidades básicas de saúde, dotadas cos requisitos básicos (segundo o establecido nos pregos), ofertadas nas seguintes localidades da provincia: O Porriño, Lalín, A Estrada e Cambados.*

5.- *Oferta da realización de tres edicións da acción formativa “Curso para o lombo”, de polo menos 4 horas de duración:*

6.- *Prazo ofertado de redución para o envío dos resultados dos recoñecementos médicos á Deputación e á traballadora ou traballador sobre o máximo que é de 7 días hábiles: 5 días hábiles*

7.- *Oferta da realización de mamografías cando na revisión xinecolóxica se sospeite dalgún fibroma, adenoma ou neo.*

O prazo de execución do contrato é de 2 anos desde o 1 de xaneiro de 2024.

**Financiación:** As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024	24/929.9200.22703	51.007,39 €
2025	25/929.9200.22703	51.007,39 €
<b>Total</b>		<b>102.014,78 €</b>

Ao tratarse dunha contratación anticipada quedará condicionada a aprobación dos respectivos orzamentos de 2024 e 2025 e a existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

O servizo de realización dos recoñecementos médicos establécese coma un servizo de tracto sucesivo e por prezos unitarios sen que o número total de recoñecementos se defina con exactitude no momento de celebrar o contrato por estar subordinado as necesidades da Deputación de Pontevedra, establecéndose un orzamento máximo en función das previsións de recoñecementos a realizar. Dita previsión é de 1.100 recoñecementos anuais.



Forma de pagamento: parcial

Fitos de facturación:

Os pagamentos á empresa adxudicataria realizaranse contra a presentación das correspondentes facturas mensuais, de acordo co seguinte detalle:

-Servizo de asesoramento e formación:

Pagarase un importe fixo mensual en función do prezo mensual ofertado pola empresa adxudicataria.

-Servizo de recoñecementos médicos: Pagarase un importe variable correspondentes aos recoñecementos médicos efectuados no período de facturación en función do prezo unitario por recoñecemento ofertado pola empresa adxudicataria.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2023028070	
Órgano xestor:	LA0006134	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: A Xefa do Servizo de Prevención de Riscos.

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.



Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

7.33003.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DA OBRA “REPARACIÓN DAS PATOLOXÍAS NAS FACHADAS DO CEE DE PONTEVEDRA E DO CIX AGARIMO NO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE” (Expte.2019008173). (Devogarán 2021003998)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 20 de setembro de 2019 (CSV.-4112JO0NSU3AE28T), adxudicouse, mediante procedemento aberto simplificado, a obra de “Reparación das patoloxías nas fachadas do CEE de Pontevedra e do CIX AGARIMO, no Centro Príncipe Felipe”. (Expte. 2019008173).

Para responder da realización deste contrato, a empresa *Obras y Servicios Gómez Crespo, S.L.*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, polo seguinte importe:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO, S.L. (B-32021487)	33.963,55€	201900167637	12/09/2019

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 28 de agosto de 2020 (CSV.-F9PJT6QQNFCDGFX5), aprobouse o proxecto modificado da obra de “Reparación das patoloxías nas fachadas do CEE de Pontevedra e do CIX AGARIMO, no Centro Príncipe Felipe”.

Para responder da execución deste proxecto modificado, a empresa *Obras y Servicios Gómez Crespo, S.L.*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, polo seguinte importe:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO, S.L. (B-32021487)	4.723,77€	202000155645	07/09/2020

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa que finalizado o contrato referido e transcorridos os prazos legalmente establecidos da garantía esixida e do seu proxecto modificado sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na realización do obxecto ao que fai referencia o contrato dos que puideran derivarse responsabilidade algunha por parte do contratista, o que procede é a devolución das mesmas a fin de evitar futuras



reclamacións por parte do adxudicatario dos intereses legais correspondentes no caso de non ser devoltas xustificadamente.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil Obras y Servicios Gómez Crespo, S.L., dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de obra “*Reparación das patoloxías nas fachadas do CEE de Pontevedra e do CIX AGARIMO, no Centro Príncipe Felipe*” (Expte. 2019008173), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola entidade mercantil *OBRAS Y Servicios Gómez Crespo, S.L.* (B-32021487), por resultar adxudicataria de dito contrato e do seu complementario, que son as seguintes:

- A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *Atradius Crédito Y Caución, S.A.*, por importe de trinta e tres mil novecentos sesenta e tres euros con cincuenta e cinco céntimos (33.963,55€), que foi depositada na Tesourería Provincial o 12/09/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900167637.
- A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *Cesve*, por importe de catro mil setecentos vinte e tres euros con setenta e sete céntimos (4.723,77 €), que foi depositada na Tesourería Provincial o 07/09/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000155645.

8.33004.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA *JARDANAY, S.L.*, PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DO “SERVIZO DE RESTAURACIÓN E LIMPEZA DA COCIÑA E COMEDOR PARA O PROGRAMA DEPOAVENTURA A LANZADA 2023” (Expte. 2023020014) (Devogarán 2023058385)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 26 de maio de 2023 (CSV.- A9I5C95XYXSFCUL), adxudicouse o contrato relativo a “*Servizo de restauración e limpeza de cociña e comedor, para o programa DEPOAVENTURA 2023*” (Exp. 2020020014).





Para responder da realización deste contrato, a empresa *Jardanay, S.L.* (B-15754682), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 7.067,50 € segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201900099106, de data 16/05/2023.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa que *“finalizado o contrato referido e transcrido o prazo legalmente establecido da garantía esixida (...) procede a devolución da mesma”*.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa *Jardanay, S.L.*, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: *“Aprobada a liquidación do contrato e transcrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”*.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a *“Servizo de restauración e limpeza de cociña e comedor, para o programa DEPOAVENTURA 2023”*. (Expte. 2020020014), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *ABANCA*, por importe de 7.067,50 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 16/05/2023, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202300099106.

9.33005.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA COSTA OESTE DEL ATLÁNTICO, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DOS LOTES 1 E 2 DO CONTRATO CORRESPONDENTE Á “SUBMINISTRACIÓN DE VESTIARIO PARA O PERSOAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2020008025) (Devogarán 2021015864)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 23 de outubro de 2020 (CSV.- SRK6S8BTQWS6SDOB), adxudicouse, mediante procedemento aberto simplificado, a contratación do *“Subministración de vestiario para o persoal da Deputación de Pontevedra”*. (Expte. 2020008025).





Para responder da realización dos lotes 1 e 2 que compuxo este servizo, a empresa *Costa Oeste Del Atlántico, S.L.* (B-36946002), adxudicataria de ditos lotes, constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas garantías definitivas polos importes equivalentes ao 5% dos prezos de adxudicación, polos seguintes importes:

EMPRESA	LOTE	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
COSTA OESTE DEL ATLÁNTICO, S.L. (B-36946002)	1	625,21€	202000173120	05/10/2020
	2	148,76 €	202000173129	05/10/2020

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa favorablemente á devolución das mesmas xa que, finalizada a primeira prórroga do contrato referido e transcorridos os prazos legalmente establecidos das garantías esixidas para os lotes 1 e 2 ao non entrar nunha segunda prórroga (...), o que procede é a devolución das mesmas.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *Costa Oeste Del Atlántico, S.L.* (B-36946002), dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación dos lotes números 1 e 2 do contrato de “Subministración de vestuario para o persoal da Deputación de Pontevedra” (Expte. 2020008025), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola entidade mercantil *Costa Oeste del Atlántico, S.L.* (B-36946002), por resultar adxudicataria de ditos lotes, e que son as seguintes:

- A garantía definitiva constituída en metálico, por importe de seiscientos vinte e cinco euros con vinte e un céntimos (625,21 €), para responder, do “Lote 1”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 05/10/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000173120.
- A garantía definitiva constituída en metálico, por importe de cento corenta e oito euros con setenta e seis céntimos (148,76 €), para responder, do “Lote 2”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 05/10/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200173129.



10.33006.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, DUN “SEGURO A TODO RISCO DE DANOS MATERIAIS PARA AS COLECCIÓN DE OBRAS DE ARTE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte.2023052969)

En data 29/12/2017 formalizouse o contrato de seguro de obras de arte do Museo provincial entre a Deputación de Pontevedra e a aseguradora XL Insurance Company SE, Sucursal en España (C.I.F. W-065403-H) establecéndose unha duración do contrato de tres anos a contar desde o 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro de 2020, prorrogables por períodos anuais, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida estenderse máis de seis anos.

Este contrato foi prorrogado anualmente, sendo aprobada a derradeira prórroga pola Xunta de Goberno en sesión do 28/10/2022 con efectos ata o 31/12/2023. En consecuencia nesa data producírase o vencemento do contrato de seguro das obras de arte do Museo de Pontevedra, o que motiva a necesidade iniciar un novo procedemento de contratación deste seguro que cubra os riscos e posibles prexuízos económicos sobre as obras de arte en caso de producirse algún sinistro a partir do 01/01/2024.

Tendo en conta que en data 07/09/2023 o Deputado Delegado de Economía, Impulso ao Emprego, Museo Provincial e Convento de Santa Clara, en virtude das competencias delegadas pola Presidencia, dita providencia de inicio de novo expediente para a contratación dun Seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións de obras de arte da Deputación de Pontevedra, que cubra os riscos que se especifican no Prego de Prescricións técnicas, e coas condicións e coberturas mínimas indicadas no mesmo.

Visto que con data 25 de setembro de 2023 o Xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa (CSV: 0PVAIZF46X7XP2UG) para a contratación do Seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións de obras de arte da Deputación de Pontevedra na que informa que o réxime xurídico é un contrato privado de servizo non suxeito a regulación harmonizada sendo o procedemento aplicar o procedemento aberto por concorrencia das condicións do artigo 131.2 da LCSP.

Resultando que polo servizo de Contratación Facenda e Patrimonio elabórase o prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e solicítase o preceptivo informe á Secretaría Xeral.

Visto que, con data 08 de setembro de 2023, a Intervención emite documento de retención de crédito para exercicios futuros co número de operación 202300191447 por importe de 107.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/333.3330.224.01 do orzamento provincial.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 14 de setembro de 2023.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 25 de setembro de 2023.



Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal calificanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade e que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente do procedemento aberto e tramitación anticipada para a contratación do Seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións de obras de arte da Deputación de Pontevedra cun orzamento base de licitación para dúas anualidades de 214.000,00 € (prima total anual para dúas anualidades), e un valor estimado do contrato de 214.000,00 €.
2. Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 04PM4HHYYTDMJNNE) e de prescricións técnicas (CSV: W0DW922L1VIOJN3A) que rexerán na referida contratación.
3. Autorizar a o gasto polo importe máximo de 214.000,00€, de acordo coa seguinte distribución:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024	24/333.3330.224.01	107.000,00 €
2025	25/333.3330.224.01	107.000,00 €

Os importes correspondentes aos exercicios 2024 e 2025 quedarán condicionados a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.



4. Nomear responsable do contrato á Xefa de Xestión do Museo de Pontevedra.
5. Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante

11.33007.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO “PROXECTO DE DEMOLICIÓN DO PARQUE DE MAQUINARIA E RECUPERACIÓN AMBIENTAL DA PARCELA”. (Expte. 2021064404)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 30 de decembro de 2021 (acordo nº 14.31135), encargou á empresa TRAGSA S.A. S.M.E. M.P., como medio propio da Deputación de Pontevedra, a execución de todas as actuacións derivadas da restauración ambiental da Xunqueira de Alba, con efectos do 1 de xaneiro de 2022 e ata o remate definitivo das actuacións da que trae causa dito encargo, de conformidade cos pregos de prescricións técnicas, os orzamentos retarifados e os proxectos que obran no expediente administrativo da súa razón.

Resultando.- Que entre ditas actuacións atópase a relativa a “*Demolición do Parque de Maquinaria e recuperación ambiental da parcela*”, segundo o proxecto básico e de execución redactado pola empresa URBING, S.L., cun prazo de execución inicial de 5 meses, contado desde a data de formalización da acta de comprobación do reformulo, acto que tivo lugar o 7 de febreiro de 2023 entre representantes da empresa e a dirección facultativa, establecéndose nese intre como data para finalizar a obra o 7 de xullo de 2023; prazo ampliado posteriormente ata o 7 de outubro de 2023 por acordo da Xunta de Goberno nº 22.32790.

Resultando.- Que o 22 de setembro de 2023 (núm. rexistro web2023054663) tivo entrada no Rexistro da Deputación de Pontevedra escrito da empresa TRAGSA a través do cal solicita a ampliación do prazo de execución do citado proxecto por un período de DOUS (2) MESES, xa que logo “(...) *o retraso na retirada do material metálico que foi obxecto de poxa pública, e que se atopaba acopiado nas parcelas, ocasionou unha demora na execución das partidas relativas ao saneado do terreo, ao estendido do xabre e á terra vexetal.*”

*Por outra banda, o transcurso dos traballos finais de rexeneración está condicionado pola climatoloxía polo que unha vez se finalicen os traballos de estendido do xabre e da terra vexetal e se dean as condicións favorables, poderán iniciarse os traballos, de conformidade coa seguinte programación:*

- *A 1ª semana realizánsense alcorques de plantación e despedregado*
- *A 2ª semana plantacións despedregado e perfilado de terreo*
- *A 3ª semana hidrosembros, perfilados e en tutorados.*
- *A primeira sega executarase unha vez xerminado o tapiz herbáceo, con altura e dureza apropiados para a súa sega . Estímase +/- 25 días desde seméntaa en condicións climáticas óptimas.*



*As actuacións poden estenderse algunha semana máis por motivos de alteracións nalgunha das fases e/ou climáticos estando neste estadio moi condicionados polo tipo de material a manexa “(...)”, sendo a nova data de finalización o 07 de decembro de 2023.*

Resultando.- Que con data 25.09.2023 emitiu informe a dirección facultativa recollendo que as causas alegadas de demora non son imputables á empresa, entendendo xustificada a concesión da ampliación do prazo de execución da obra en DOUS (2) MESES, ata o 07 de decembro de 2023.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polos Xefes dos Servizos de Asistencia Intermunicipal e de Contratación, do Secretario e da Viceinterventora, informando favorablemente a ampliación de prazo solicitada.

Considerando.- Que o réxime xurídico dos encargos a medios propios ven determinado polos artigos da LCSP dedicados a estes (artigos 32 e 33), e en relación a TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, pola disposición adicional 24ª da LCSP e polo R.D. 69/2019, do 15 de febreiro.

Considerando.- Que da súa lectura conxunta conclúese que as relacións de TRAGSA cos poderes adjudicadores dos que son medios propios teñen natureza instrumental e non contractual, polo que a todos os efectos son de carácter interno, dependente e subordinado, estando obrigada a realizar, con carácter exclusivo, os encargos que aqueles lles encomenden.

Considerando.- Que a pesar de que nalgúns aspectos existe unha remisión expresa á LCSP, ningún dos preceptos nin normativa citada establece unha regulación concreta respecto aos prazos de execución dos proxectos obxecto de encargo; e por iso que razóns de seguridade xurídica e a aplicación analóxica das normas (artigo 4.1 do Código Civil), aconsellan acudir aos artigos da Lei de Contratos que, con carácter xeral, regulan esta materia.

Considerando.- Que o artigo 195.2 da LCSP sinala que se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos si se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor; o responsable do contrato emitirá un informe onde se determine se o retraso produciuse por motivos imputables ao contratista.

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001, establece que se a petición do contratista se formulase no último mes de execución do contrato, a Administración deberá resolver sobre a devandita petición antes dos quince días seguintes á terminación do mesmo. Durante este prazo de quince días, non poderá continuar a execución do contrato, o cal se considerará extinguido o día en que expiraba o prazo previsto se a Administración denegase a prórroga solicitada, ou non resolvese sobre ela.

Considerando.- Que de conformidade co establecido nas bases de execución do orzamento provincial a competencia para aprobar esta prórroga lle corresponde á Xunta de Goberno.





Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Conceder á empresa TRAGSA S.A. S.M.E.M.P., como medio propio da Deputación de Pontevedra, unha prórroga de DOUS (2) MESES na execución do proxecto de demolición do parque de maquinaria e recuperación ambiental da parcela na que se abica, establecendo como data para finalizar a obra o 07 de decembro de 2023.

12.33008.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO “PROXECTO DE DEMOLICIÓN DA IMPRENTA PROVINCIAL” (Expte.2021064404)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 30 de decembro de 2021 (acordo nº 14.31135), encargou á empresa TRAGSA S.A. S.M.E. M.P., como medio propio da Deputación de Pontevedra, a execución de todas as actuacións derivadas da restauración ambiental da Xunqueira de Alba, con efectos do 1 de xaneiro de 2022 e ata o remate definitivo das actuacións da que trae causa dito encargo, de conformidade cos pregos de prescricións técnicas, os orzamentos retarifados e os proxectos que obran no expediente administrativo da súa razón.

Resultando.- Que entre ditas actuacións atópase a derivada da demolición da imprenta provincial e a rexeneración ambiental da parcela na que se abica, segundo o proxecto de actuacións redactado polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación (CSV Z9S9V26HDRMUKN9B), cun prazo de execución inicial de 4 meses, contado desde a data de formalización da acta de comprobación do reformulo, acto que tivo lugar o 10 de abril de 2023 entre os representantes da empresa e a dirección facultativa, establecéndose nese intre como data para finalizar a obra a do 10/08/2023; prazo ampliado posteriormente ata o 10 de outubro de 2023 por acordo da Xunta de Goberno nº 23.32791.

Resultando.- Que o 22 de setembro de 2023 (núm. rexistro web2023054663) tivo entrada no Rexistro da Deputación de Pontevedra escrito da empresa TRAGSA a través do cal solicita a ampliación do prazo de execución do citado proxecto por un período de DOUS (2) MESES.

Resultando.- Que segundo expón a empresa “(...) O retraso na retirada do material metálico que foi obxecto de poxa pública, e que se atopaba acopiado nas parcelas, ocasionou unha demora na execución das partidas relativas ao saneado do terreo, ao estendido do xabre e á terra vexetal.

*A todo isto, engádese a folga do sector do metal durante finais do mes de xuño e principios de xullo que tamén supuxo un retraso na retirada e subministración de elementos metálicos.*

*Por outra banda, o transcurso dos traballos finais de rexeneración está condicionado pola climatoloxía. Polo que unha vez se finalicen os traballos de estendido do xabre e da terra vexetal e se dean as condicións favorables, poderán iniciarse os traballos, de conformidade coa seguinte programación:*

- *A 1ª semana realizásense alcorques de plantación e despedregado*
- *A 2ª semana plantacións despedregado e perfilado de terreo*





- *A 3ª semana hidrosembra, perfilados e entutorados.*
- *A primeira sega executarase unha vez xerminado o tapiz herbáceo, con altura e dureza apropiados para a súa sega . Estímase +/- 25 días desde seméntaa en condicións climáticas óptimas.*

*As actuacións poden estenderse algunha semana máis por motivos de alteracións nalgunha das fases e/o climáticos estando neste estadio moi condicionados polo tipo de material a manexar...)", sendo a nova data de finalización o 10 de decembro de 2023.*

Resultando.- Que en data 25 de setembro de 2023 a dirección da obra emitiu informe recollendo que as causas alegadas de demora non son imputables á empresa, entendendo xustificada a concesión da prórroga do prazo de execución ata o 10 de decembro de 2023.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polos Xefes dos Servizos de Asistencia Intermunicipal e de Contratación, do Secretario e da Viceinterventora, informando favorablemente a ampliación de prazo solicitada.

Considerando.- Que o réxime xurídico dos encargos a medios propios ven determinado polos artigos da LCSP dedicados a estes (artigos 32 e 33), e en relación a TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, pola disposición adicional 24ª da LCSP e polo R.D. 69/2019, do 15 de febreiro.

Considerando.- Que da súa lectura conxunta conclúese que as relacións de TRAGSA cos poderes adjudicadores dos que son medios propios teñen natureza instrumental e non contractual, polo que a todos os efectos son de carácter interno, dependente e subordinado, estando obrigada a realizar, con carácter exclusivo, os encargos que aqueles lles encomenden.

Considerando.- Que a pesar de que nalgúns aspectos existe unha remisión expresa á LCSP, ningún dos preceptos nin normativa citada establece unha regulación concreta respecto aos prazos de execución dos proxectos obxecto de encargo; e por iso que razóns de seguridade xurídica e a aplicación analóxica das normas (artigo 4.1 do Código Civil), aconsellan acudir aos artigos da Lei de Contratos que, con carácter xeral, regulan esta materia.

Considerando.- Que o artigo 195.2 da LCSP sinala que se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos si se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándosele un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor; o responsable do contrato emitirá un informe onde se determine se o retraso produciuse por motivos imputables ao contratista.

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001, establece que se a petición do contratista se formulase no último mes de execución do contrato, a Administración deberá resolver sobre a devandita petición antes dos quince días seguintes á terminación do mesmo. Durante este prazo de quince días, non poderá continuar a execución do contrato, o cal se considerará extinguido o día en que expiraba o prazo previsto se a Administración denegase a prórroga solicitada, ou non resolvese sobre ela.



Considerando.- Que de conformidade co establecido nas bases de execución do orzamento provincial a competencia para aprobar esta prórroga lle corresponde á Xunta de Goberno.

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Conceder á empresa TRAGSA S.A. S.M.E.M.P., como medio propio da Deputación de Pontevedra, unha prórroga de DOUS (2) MESES na execución do proxecto de demolición da imprenta provincial, establecendo como data para finalizar a obra o 10 de decembro de 2023.

13.33009.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expte 2023060676)

Vista a relación de facturas con número 2023060676, que contén 16 facturas e por un importe de 13.427,73€ e con CSV: J66UKMMB4ZNRCHI, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 22/09/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	13.427,73€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	13.427,73€

14.33010.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CONCELLO DE COVELO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA, AO ABEIRO DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CON POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS DE PROXECTOS SUBVENCIONABLES AO ABEIRO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA NO ÁMBITO DO TURISMO DEPORTIVO SOSTIBLE (COMPOÑENTE 26, INVESTIMENTO 2). (Expte. 2023031544)

- Ao abeiro da convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do Turismo Sostible (compoñente 26, Investimento 2) (bases reguladoras aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Corporación Provincial do 31 de marzo de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, núm. 65, de 3 de abril de 2023), mediante acordo núm. 2.32751 de 16/06/2023, a Xunta de Goberno da Deputación acordou a concesión



dunha subvención, polo procedemento de concorrncia non competitiva, ao Concello de Covelo, por importe de 7.260,00 euros, co obxecto do financiamento da actuación “*Redacción de proxectos: Parapente faro de Avión. Instalacións deportivas camping Maceira...*”.

- En data 24/08/2023, o Concello presenta no Rexistro da Deputación de Pontevedra (WEB2023049907) unha Resolución da Alcaldía presentando a renuncia á subvención concedida “*ante a imposibilidade por parte do Concello de Covelo de ter elaborado a documentación preceptiva e ter concorrido a mesma*”. Isto supón o incumprimento da obriga de presentar a solicitude de subvención no marco da convocatoria de axudas do Consello Superior de Deportes ao fomento do turismo deportivo sostible financiadas con fondos Next Generation UE, dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (Compoñente 26, Investimento 2) para o ano 2023, que non fai posible o cobro da subvención concedida.
- En data 25/08/2023 a xefa do Servizo de Cooperación emite informe-proposta favorable a aceptación da renuncia.
- En data 08/09/2023 a Intervención provincial emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Cooperación.

## FUNDAMENTOS XURIDICOS

### Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO).
- Bases reguladoras de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do PLAN DE Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do turismo deportivo sostible (Compoñente 26, Investimento 2).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.



## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### Instrución do expediente:

- Base Reguladora 14<sup>a</sup> da convocatoria, pola que a concesión de subvencións será instruída polo Servizo de Cooperación, correspondéndolle á súa Xefa a realización de oficio das actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

### Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

### Procedencia da renuncia:

- Artigo 94 de Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluso o procedemento salvo que, téndose presentado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días dende que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

## REXIME COMPETENTENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no artigo 73 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), no artigo 63 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO), nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle a Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

## CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP, contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A Lei esixe como requisitos da renuncia, a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).



Con suxeición ao antedito, o Concello de Covelo presenta, en data 24/08/2023 a solicitude formal de renuncia á subvención concedida ao abeiro da convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do Turismo Sostible (compoñente 26, Investimento 2) para o proxecto “Redacción de proxectos: Parapente faro de Aviión. Instalacións deportivas camping Maceira...”.

Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), e vistos o informe favorable da xefa do servizo de Cooperación, de data 25/08/2023 (CSV: JX1I2JJRRB7BLJ2) e a dilixencia de conformidade da Intervención provincial, de data 08/09/2023 (CSV: N452FSI5TLY0CLB4), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia do *Concello de Covelo* á subvención concedida, ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do Turismo Sostible (compoñente 26, Investimento 2), co obxecto do financiamento da actuación “Redacción de proxectos: Parapente faro de Aviión. Instalacións deportivas camping Maceira...” (Expte. 2023031544).
- Determinar a imposibilidade, para o *Concello de Covelo*, de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 7.260,00€, previamente comprometido na aplicación 2023/942.3410.762.99.
- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Covelo*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

15.33011.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CONCELLO DE OIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA, AO ABEIRO DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CON POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS DE PROXECTOS SUBVENCIONABLES AO ABEIRO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA NO ÁMBITO DO TURISMO DEPORTIVO SOSTIBLE (COMPOÑENTE 26, INVESTIMENTO 2). (Expte. 2023031562)

- Ao abeiro da convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do Plan de Recuperación, Transformación





e Resiliencia no ámbito do Turismo Sostible (compoñente 26, Investimento 2) (bases reguladoras aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Corporación Provincial do 31 de marzo de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, núm. 65, de 3 de abril de 2023), mediante acordo núm. 2.32751 de 16/06/2023, a Xunta de Goberno da Deputación acordou a concesión dunha subvención, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao Concello de Oia, por importe de 4.997,30 euros, co obxecto do financiamento da actuación “*Asistencia para o proxecto "acondicionamento do espazo deportivo campo de fútbol As Tornas"*”.

- En data 03/08/2023, o Concello presenta no Rexistro da Deputación de Pontevedra (WEB2023047228) un escrito procedente da Alcaldía presentando a renuncia á subvención concedida debido a que finalmente dende o Concello “*non vamos a solicitar a subvención convocado polo Consello Superior de Deportes*”. A non solicitude supón o incumprimento da obriga de presentar a solicitude de subvención no marco da convocatoria de axudas do Consello Superior de Deportes ao fomento do turismo deportivo sostible financiadas con fondos Next Generation UE, dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (Compoñente 26, Investimento 2) para o ano 2023.
- En data 08/08/2023 a xefa do Servizo de Cooperación emite informe-proposta favorable a aceptación da renuncia.
- En data 08/09/2023 a Intervención provincial emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Cooperación.

## FUNDAMENTOS XURIDICOS

### Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO).





- Bases reguladoras de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do PLAN DE Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do turismo deportivo sostible (Compoñente 26, Investimento 2).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### Instrución do expediente:

- Base Reguladora 14<sup>a</sup> da convocatoria, pola que a concesión de subvencións será instruída polo Servizo de Cooperación, correspondéndolle á súa Xefa a realización de oficio das actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

### Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

### Procedencia da desistencia

- Artigo 94 de Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración as aceptará de plano e declarará concluso o procedemento salvo que, téndose presentado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días dende que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

## REXIME COMPETENTENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no artigo 73 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), no artigo 63 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEPO), nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle a Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.



## CONCLUSIÓNS

Xuridicamente, a renuncia é a declaración unilateral do interesado de abandonar unha pretensión dentro dun procedemento xa iniciado, configurándose como un modo anormal de terminación do mesmo.

O artigo 94 da LPACAP, contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A Lei esixe como requisitos da renuncia, a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, o *Concello de Oia* presenta, en data 03/08/2023 a solicitude formal de renuncia á subvención concedida ao abeiro da convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do Turismo Sostible (compoñente 26, Investimento 2) para o proxecto “*acondicionamento do espazo deportivo campo de fútbol As Tornas*”.

Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), e vistos o informe favorable da xefa do servizo de Cooperación, de data 08/08/2023 (CSV: RBXLHO78EMAQPRRL) e a dilixencia de conformidade da Intervención provincial, de data 08/09/2023 (CSV: F60M3D1FPMOLIZML), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia do *Concello de Oia* á subvención concedida, ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do Turismo Sostible (compoñente 26, Investimento 2), co obxecto do financiamento da actuación “*acondicionamento do espazo deportivo campo de fútbol As Tornas*” (Expte. 2023031562).
- Determinar a imposibilidade, para o *Concello de Oia*, de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 4.997,30€, previamente comprometido na aplicación 2023/942.3410.762.99.
- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Oia*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



16.33012.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

17.33013.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

